

NÚMERO 6/16

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 28 DE ABRIL DE 2016.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e oito de abril de dous mil dezaseis, reúne o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do señor Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os señores concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Nuria Castro García, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. Ariadna Rodríguez Teijeiro, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares, D. Miguel Tenreiro Bouza e D. Marcos Villar López, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o sr. Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do proxecto técnico modificado da obra “Dotación do servizo de saneamento no camiño entre Lamela (Carnoedo) e Lácere (Mondego), para a súa inclusión no Plan Provincial de Acción Social, PAS 2015.-

Dáse conta do ditame favorable da Comisión informativa Xeral sobre a aprobación do proxecto técnico modificado da obra “Dotación do servizo de saneamento no camiño entre Lamela (Carnoedo) e Lácere (Mondego), para a súa inclusión no Plan Provincial de Acción Social, PAS 2015.-

O concelleiro delegado sr. Tenreiro expón que emitido informe de autorización pola Deputación provincial con relación ao proxecto mencionado, xurde a necesidade de realizar un proxecto modificado para adaptalo ás condicións que impón dito organismo, segundo se reflexa no informe emitido polo técnico municipal sr. Medina Prieto, e unha vez redactado dito proxecto modificado, propónse ao Pleno a súa aprobación.-

A Presidencia somete a votación o ditame, quedando adoptado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o proxecto técnico modificado denominado “Dotación do servizo de saneamento no camiño entre Lamela (Carnoedo) e Lácere (Mondego), cun orzamento total de 79.784,85.- euros, redactado polo enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto para a súa inclusión no Plan Provincial de Acción Social, PAS 2015, en substitución do aprobado en sesión plenaria de 17-12-2015, respecto do cal o proxecto modificado non supón variación económica ningunha.-

2º.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de A Coruña.-

2º.- Modificación nº 2/2016 da Relación de Postos de Traballo.-

Dáse conta do ditame da Comisión informativa Xeral relativo á modificación da Relación de Postos de Traballo para supresión do posto de coordinador xeral de Gabinete de Alcaldía, cuxa praza correspondente xa desapareceu do Cadro de Persoal coa recente aprobación definitiva do Orzamento Xeral do exercicio 2016.-

Aberto o debate o sr. Gómez di que tería que explicar o sr. Anido por que e como se contratou á anterior titular dese posto, e que contra o declarado por este na prensa, hai cambios no proceso que se lle sigue por dita contratación, xa que o Fiscal ordenou extraer antecedentes penais dos investigados e continuar os trámites do procedemento abreviado polo que seguramente o sr. Anido pronto será acusado; di que quere que dito concelleiro explique como coñeceu á sra. Vellón e quen lla recomendou, e le un escrito que segundo afirma é un correo entre a sra. Vellón e o anterior alcalde no que se di “para que no se entere el viejo”, que presumiblemente podería referirse ao Secretario municipal; quere que o sr. Anido explique estas cuestións e está de acordo con que se quite o posto de coordinadora dos presupostos.-

A sra. Bolaño considera a proposta coherente por parte do goberno municipal, o seu grupo non vai entrar na forma en que se dotou ese posto, pero si van votar a favor deste punto porque sempre estiveron en desacordo coa creación do mesmo.-

O sr. Anido di que está convencido da necesidade da figura do coordinador para modernizar as administracións públicas con criterios de eficacia e eficiencia traídos do sector privado. En relación coa intervención do sr. Gómez, di que prefire estar imputado e non amputado na toma de decisións; quere explicarse en relación coas acusacións e os xuízos paralelos que se lle fixeron e que logo quedaron en nada, como a súa relación coa operación Pokemon, imputación por facturas falsas dun avogado ou calumnias, que foron arquivados; sobre a súa imputación pola praza de coordinadora di que o fiscal pode pedir o que estime oportuno, pero quen xulga é o xuíz, quen xa anunciou que o proceso vaise dilatar moito pola súa complexidade; di que hai que ter cuidado cos xuízos paralelos, e cita casos de políticos

que foron imputados e logo saíron absoltos. Fala da existencia de postos de coordinador noutros concellos, como Arteixo, Oleiros e A Coruña, di que o considera moi necesario, que van votar en contra da proposta e probablemente no próximo programa electoral do PP irá a creación dese posto.-

O sr. Gómez di que por ética o sr. Anido tería que irse de aquí, isto lle queda moi pequeno.-

A sra. Bolaño, en relación cos casos de xente que foi imputada e logo desimputada, di que basta ver a hemeroteca para comprobar que a postura do PP varía segundo de que partido sexa o imputado. Considera ideolóxica a afirmación do sr. Anido de defender o posto de coordinador por criterios de eficiencia e eficacia do sector privado, por criterios de eficiencia e eficacia o Goberno do Estado limitou a autonomía local e a capacidade dos concellos de facer investimentos en beneficio dos veciños, os que foron votados pola cidadanía son os que teñen que administrar os cartos dos cidadáns, sen que veña xente incluso do sector privado a coordinalos con eses argumentos de eficiencia e eficacia, como quere o PP.-

O sr. Anido aclara que dixo que algúns criterios de eficacia proceden do sector privado, isto non quere dicir que a eficacia non sexa tamén do sector público; hai moitos asesores, moitos cargos do PSOE, que prescindan deles, el é contrario a prescindir de asesores. Pensa que se alguén ten que dimitir son os sres. Rodríguez Ares e Gómez López, por pasar de cinco concelleiros a dous, e o sr. Alcalde por apoiarse neles, que foron responsables de moitas desfeitas en Sada; el non vai dimitir por unha simple imputación.-

Sometido o asunto a votación, acórdase por maioría, con dez votos a favor e sete en contra, aprobar o ditame da Comisión, quedando adoptado o seguinte acordo:

1º.- Desestimar o recurso de reposición presentado por escrito co número de rexistro 11195/2013 contra a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada na sesión plenaria de 26-9-2013, no relativo ao posto co código 030003, por falta de lexitimación activa do recorrente.-

2º.- Aprobar inicialmente a segunda modificación do ano 2016 da RPT do Concello, consistente na eliminación do posto código 030003 denominado “coordinador xeral de Gabinete de Alcaldía”, ao considerarse de carácter innecesario e xa estar a praza eliminada do Cadro de Persoal.-

3º.- Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións. Esta modificación da RPT considerase definitivamente aprobada se durante o dito prazo non se presentan reclamacións.-

4º.- Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo, publicarase integramente a mesma no Boletín Oficial da Provincia e remitirase copia dela aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.-

Control de Órganos de Goberno:

3º.- Informes e comunicacións.-

- O sr. Alcalde informa de que nestes momentos o Consorcio de Compensación de Seguros leva feito o pago de un terzo do número de sinistros xestionados, hai un total 330 sinistros e xa se fixeron 114 pagos. Hoxe mesmo foron entregadas na Delegación de Goberno 46 solicitudes de axudas do R. D. 307 e mañá levarase a totalidade dos expedientes que estaban hoxe sen rematar.-

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 21-3-2016 a 22-4-2016.-

4º.- Mocións.-

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico preséntanse as seguintes mocións:

4º.1.- Moción do grupo municipal do Partido Popular relativa á rexeneración da praia de Sada.-

O sr. López Mallo introduce a moción do grupo PP sobre rexeneración da praia de Sada, xustificando a súa urxencia no atraso acumulado na execución desta obra e a necesidade de axilizala.-

Aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, o sr. López Mallo expón que se trata dunha demanda histórica que foi obxecto de xestións por parte das sucesivas Corporacións municipais, explica os trámites de que foi obxecto este asunto desde o ano 2002 ata chegar ao proxecto actual da Ría do Pedrido, respecto do cal o anterior goberno municipal conseguiu que a rexeneración da praia de Sada fora a primeira actuación deste proxecto global, que ten consignación orzamentaria, xa foi aprobado e anunciado pero as obras levan case un ano de atraso, polo que se trata de instar tanto ao Ministerio coma a Xunta co voto unánime da Corporación.-

O sr. Alcalde di que o goberno municipal está case totalmente de acordo coa moción e só querían emendala para dicir “continuar instando ao Ministerio” en vez de “con carácter de urxencia inste”, xa que leva traballando nese sentido desde que chegou á Alcaldía. Está de acordo na conveniencia de adoptar un acordo de consenso, pero a exposición de motivos da moción non pode compartila, porque

nela se lles acusa de cousas nas que non teñen responsabilidade ningunha. Fala de cuestións relativas á contratación da obra polo Ministerio e considera que o feito de que o Goberno estea en funcións non debería impedir a tramitación do asunto pois trátase dunha cuestión de tramitación ordinaria; di que tamén faltan cousas na cronoloxía da exposición de motivos, como o feito de que o proxecto da rexeneración da Ría do Pedrido comezou antes do 2002, a proposta do Deputado do BNG Paco Rodríguez, que no 2010 fixeron estudo de Impacto ambiental do actual proxecto da separata de Sada e foi incluído nos orzamentos xerais do Estado e non se executou, volveuse incluír nos orzamentos en 2011 e o goberno do sr. Rajoy eliminouno dos orzamentos do ano 2012; iso xa foi o primeiro gran atraso desta obra, e se o Ministerio está dilatando os trámites non é por desidia deste goberno local. Reitera a emenda plantexada a esta moción.-

O sr. Villar considera a moción moi interesante en canto aos obxectivos que persigue, pero moi desafortunada na súa exposición de motivos que intenta atribuír ao goberno municipal a responsabilidade do cambio da data de comezo das obras e o sinala como culpable de que as obras non estean xa adxudicadas, cando saben sobradamente que as competencias para isto non son municipais nin tampouco o financiamento para que se leve a cabo. Os habitantes de Sada son as vítimas desa pasividade do Goberno central, que no ano 2012 xa suprimira a dotación presupostaria aprobada polo Congreso durante o goberno socialista. Está de acordo coa exposición de motivos cando fala de demoras inxustificadas desde a publicación do anuncio de licitación das obras no BOE, non entende esas demoras que para o seu criterio son cuestión técnica e non política. Tanto o seu grupo como o goberno municipal queren que este proxecto se faga realidade dunha vez por todas, dada a súa importancia turística, paisaxística e medioambiental e a súa enorme transcendencia económica; Sada ten unha posición privilexiada e o seu areal non está á altura desde fai décadas; votaran a favor da moción cando se cambie a exposición de motivos e o matiz sinalado pola Alcaldía.-

O sr. López Mallo di que o seu grupo non ten problema en aceptar o cambio proposto polo sr. Alcalde para a parte dispositiva da moción, pero a exposición de motivos é a que é e responde ao que o seu grupo pensa, porque cren que a actuación do goberno municipal debería ter sido máis forte neste tema, o sr. Alcalde anunciou fai pouco que iría a Madrid e tiña que telo feito moito antes; o goberno municipal leva posto pancartas por moitas cuestións, pero ningunha pola praia, que é unha reivindicación histórica de Sada, e cando o grupo PP anunciou a súa moción o goberno municipal apresurouse a sacar unha nota de prensa reclamando o mesmo; o goberno central retirou este proxecto como tantos outros debido á crise, pero cando foi posible retomouno e dotouno presupostariamente. O seu grupo pide ao goberno municipal contendencia na reclamación desta demanda histórica porque cre que ata agora non o fixo; por tanto non hai problema en que se introduza esa modificación na proposta de acordo, pero non queren variar a exposición de motivos porque cren que realmente é así.-

A sra. Bolaño di que cando en 2012 o Goberno estatal retirou dos Orzamentos Xerais do Estado o proxecto da praia de Sada, o goberno municipal non foi a Madrid, non reclamou nin lle dixo ao Ministerio do seu mesmo signo político que para a cidadanía de Sada era un proxecto prioritario, agardaron a 2013 e entón si foron a Madrid. O Goberno do Estado está demorando de novo esta situación, por mais voltas que lle queiran dar as competencias non son do Concello, son do Ministerio que está demostrando que non o considera unha prioridade.-

O sr. López Mallo di que eles criticaron que se quitara ese proxecto, por unha decisión técnica, non política, mentres que nos dous anos do goberno de Zapatero nos que o proxecto estivo sen consignación presupostaria o grupo PSOE non fixo nada, como tampouco fixeron nada respecto das demoras actuais aínda que teñen unha dedicación exclusiva de praias.-

Acto seguido o sr. Alcalde somete a votación a moción, quedando adoptado por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Instar ao Alcalde-Presidente a que continúe instando ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a levar a cabo as xestións necesarias para axilizar a contratación das obras correspondentes ao *Proyecto de Actuación Medioambiental en la Ría del Pedrido Fase I, Playa de Sada* para a execución da actuación de recuperación medioambiental da Praia de Sada, tal e como se acordou co goberno local anterior.-

2º.- Dar traslado do acordo da moción ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e á Xunta de Galicia.-

4º.2.- Declaración institucional do Concello de Sada respecto da loita contra a avésa asiática.-

O sr. Suárez xustifica a urxencia da moción na asunción de responsabilidades na loita contra a praga da vespa asiática que no caso de Sada afecta a todas as parroquias e ao casco urbano mesmo, téndose retirado neste municipio máis de 100 niños nos últimos 10 meses.-

Aprobada por unanimidade a urxencia da moción, o sr. Suárez expón o seu contido; fala dunha iniciativa da Axencia galega de Apicultura e vinte concellos para instar da Xunta unha reunión sobre loita contra esta especie invasora, reunión que se rexeitou; di que a intención desta declaración é poñer de manifesto a importancia real deste problema, reiterar á Xunta de Galicia a necesidade de posta en marcha dunha política de loita contra esta especie invasora no que deben tomar parte a Consellería de Medio Rural, a AGA e todos os concellos afectados; expón as propostas dos concellos que o concello de Sada quere facer propias de cara a combater a praga e mellorar a xestión do seu control.-

A sra. Salorio manifesta o apoio do grupo PP a esta moción e o seu rexeitamento daquelas persoas que adoptan especies exóticas e cando se cansan delas as liberan, causando danos irreparables; por isto considera que está ben instar, pero tamén é precisa unha campaña de concienciación da poboación. Di que a Consellería de Medio Rural puxo en marcha en colaboración con outros departamentos da administración autonómica e con representantes del sector o programa de vixilancia e control da vespa velutina, insecto invasor que ameaza as colmeas poñendo en perigo a produción apícola e mermando o importante papel polinizador das abellas; di que xa se retiraron mais de 400 niños en 125 municipios afectados e que a estratexia actual non é destruír os niños senón inocular ás raíñas.-

O sr. Suárez di que o programa da Consellería é teoría, o certo é que só en Oleiros se levan retirados 300 niños, e que non é verdade que a Consellería estea actuando mediante a inoculación, hai fotografías e vídeos abondo da empresa contratada para estes traballos no que se demostra que retiran os niños sen ningún tipo de protección, e incluso o pasado outono pretenderon tirar niños de velutina no punto limpo.-

Efectuada votación, apróbase por unanimidade a seguinte declaración:

Debido á preocupante situación que está a producir o asentamento e a proliferación da avespa asiática (Vespa Velutina) en Galicia, afectando tanto á apicultura, como a outras actividades económicas, como a fruticultura ou a explotación forestal e mesmo provocando molestias aos veciños, tomamos a decisión de presentar esta iniciativa. O servizo de Emerxencias Municipal é o departamento de Obras e Servizos retiraron nestes derradeiros meses máis de cen niños da citada especie o que da unha idea da gravidade do problema ao que nos enfrontamos tendo en conta que o verán está a volta da esquina.-

Con esta declaración Sada súmase a un grupo de máis de vinte concellos de toda a provincia de A Coruña liderados pola Asociación Galega de Apicultura (AGA) cos que compartimos as liñas de actuación. Son as seguintes:

1. Reiterar á Xunta de Galicia a necesidade da posta en marcha dunha política de loita contra esta especie invasora na que deberán ser actores principais a Consellería de Medio Rural, AGA e os concellos afectados co obxectivo de debater sobre as medidas presentes e futuras para o control da avespa Asiática.-
2. As propostas de todos os concellos e que o Concello de Sada fai propias de cara a combater a praga e mellorar a xestión do seu control serán:

*Rectificar o protocolo de actuación elaborado pola Xunta de Galicia, de forma que se volva ao seu contido orixinal e se indique que a eliminación e retirada dos niños ten que ser nos momentos de menos actividade da avespa (amencer e anoitecer).-

*Asemade, o protocolo debe ter como obxectivo final a erradicación da praga, así como asegurar que as medidas que se tomen sexan ambientalmente sustentables, e que se saliente de forma explícita a necesaria colaboración entre administracións.-

*No caso que a empresa pública Tragsa siga a ser a encargada da retirada dos niños, esta terá que dispor dun horario de traballo axeitado ás necesidades reais, con persoal que realice estas labores ao amencer ou ao anoitecer.-

*Reducir a burocracia no proceso de comunicación de niños, de forma que o servizo responsable (012) dea respostas claras ás persoas comunicadoras.-

*Cumprir o prazo máximo, tal e como indica o protocolo, para a retirada dos niños comunicados ao 012.-

*Solicitar á Xunta informes periódicos sobre os efectos da praga (nº de niños detectados, nº de niños retirados, concellos afectados, nº de picadas atendidas no SERGAS, sectores afectados: apicultura, fruticultura, explotación forestal...).-

*Incrementar as axudas á apicultura, con máis dotación xeral e coa inclusión de subvencións para o traslado das colmeas a outras áreas libres da praga ou mesmo compensacións por perda de colmeas.-

*Procurar outras fontes de financiamento para facer fronte ao incremento de custos por mor desta praga.- Proponse que a Xunta dedique fondos comunitarios nomeadamente do novo período do FEADER, para a loita e o control da avespa asiática.-

*Desenvolver campañas divulgativas xerais de cara a informar á cidadanía, así como para a detección temperá de niños na primavera. Proponse mesmo facer anuncios en prensa e Tv.-

*Centrar a loita por medio de actuacións preventivas co reparto aos abelleiros de trampas tanto con atraentes para a captura de fundadoras como con feromonas para a captura de machos. Nomeadamente proponse que a Consellería achegue para a vindeira primavera e para o outono 4.000 mil novas trampas e 64.000 doses de atraentes, tanto nas áreas afectadas como nas súas proximidades. En todo caso as trampas non se poderían empregar durante o verán e o inverno para non capturar outro tipo de polinizadores.-

*Promover, durante o verán, a protección dos apiarios e das hortas de froiteiras con cebos de substancias coma os antiquerizantes de baixa toxicidade que faciliten a inviabilidade dos niños.-

*Dotar os concellos de financiamento, medios e formación (individualmente ou de forma comarcal) para retirar aqueles niños que, principalmente no verán, xeren problemas de seguridade cidadá. En todo caso os equipos de actuación terán que ter medios e formación e contar co apoio técnico dos abelleiros, e se propón empregar o gas sulfuroso ou vapor de auga no canto de insecticidas.-

*Establecer un programa de seguimento e avaliación das medidas preventivas indicadas, de cara a valorar a súa eficacia.-

*Promover a investigación do control da praga, sobre todo no eido das trampas e do control preventivo (p. exe. cebos selectivos). Esa investigación debe facerse en colaboración entre a Xunta e as Universidades, e procurar ter acceso a fontes de financiamento comunitarias.-

Tendo en conta todo o anterior e considerando que as medidas adoptadas ata o de agora pola Consellería son claramente insuficientes e que se precisa unha maior implicación, tamén doutras administracións (incluído, naturalmente o Concello de Sada) a Corporación Municipal de Sada ACORDA:

Primeiro: O Concello de Sada adhírese e fai súas ás peticións manifestadas por AGA (Asociación Galega de Apicultores) que se especifican no texto desta moción.-

Segundo: O Concello de Sada dará traslado do presente acordo á Consellería de Medio Rural, aos concellos que forman o actual Consorcio das Mariñas e á Deputación da Coruña.-

Terceiro: O Concello de Sada tentará actuar dende o propio Concello. Isto pode levarse a cabo de varios xeitos; reclamando a quen corresponda (Xunta e Deputación, principalmente) o envío dos medios materiais e o asesoramento necesarios para poder dar resposta a este problema.-

Cuarto: Instar á realización dunha avaliación da extensión da súa presenza e distribución no territorio galego e do eventual impacto na mortalidade de abellas e na desaparición de colmeas.-

Quinto: Establecer, en colaboración cos e coas apicultoras, un plan de actuación para mitigar a súa incidencia no sector apícola e paliar as eventuais perdas, así como o establecemento de medidas para evitar a súa proliferación na liña das recomendadas por expertos tales como a instalación de trampas de captura, destruír os niños antes da saída das raíñas, eliminación de niños, e calquera outra que se considere oportuno, estudando as medidas que se impulsaron noutros lugares nos que tamén se produciu esta problemática e no que os resultados producidos sexan máis positivos.-

4º.3. Moción do grupo PP para a realización con cargo ao remanente de Tesourería das obras necesarias para evitar as inundacións en Sada.-

O sr. Anido xustifica a urxencia da moción do grupo PP para a realización con cargo ao remanente de Tesourería das obras necesarias para evitar as inundacións en Sada. nas recentes inundacións do casco urbano e a necesidade de tratar de solucionar ou minimizar este problema a través de estudos, proxectos e obras que se poderán acometer con cargo ao remanente que ten o Concello.-

Aprobada por unanimidade a declaración de urxencia da moción, o sr. Anido di que atopou ao chegar á sesión un informe de Secretaría no que se afirma que as obras obxecto da moción non son da competencia municipal; cre que non é forma nin momento para isto e se pregunta por que a moción presentada en 2008 si e esta non. Opina que se aprobaron moitas cousas que non son da competencia municipal sen este tipo de informes. Certo que están implicadas outras Administracións, pero tamén a Administración local, o Plan Especial de As Brañas é un dos motivos das obras que é preciso realizar, e ese plan é de competencia municipal. Non entende ese informe de que non é competencia municipal, non se atreve a dicirlle aos veciños que non podemos facer estas obras porque non temos competencia

nisto, e non está de acordo con ter que retirar a moción por ese motivo. A continuación da lectura á parte dispositiva da moción.-

Tras deliberar sobre a procedencia de retirar ou non a moción, ábrese debate sobre a mesma. O sr. Suárez di que a moción do PP contén unha proposta que onte o mesmo partido político rexeitou no Pleno do Parlamento de Galicia en Santiago, para abrir unha liña de axudas para reparar os danos por inundacións na provincia da Coruña. Di que é claro que nos atañe o tema das inundacións en Sada e o concello vai colaborar coas administracións competentes, como Augas de Galicia, da que é a competencia; en ningún momento o goberno de Sada vai deixar de asumir a súa responsabilidade neste sentido porque de feito se están realizando uns traballos de levantamento topográfico na zona afectada pola riada e no momento que chegue a toma de decisións o concello asumirá a parte que lle corresponda.-

O sr. Gómez pregúntalle ao sr. Interventor desde cando existe o remanente de tesourería, sendo informado de que aínda non está aprobada a liquidación e do saldo dispoñible que procede do ano 2012 ou 2013. O sr. Gómez di que o sr. Anido non se entera e pregunta por que non fixo o que trae hoxe aquí cando el gobernaba.-

A sra. Bolaño di que sendo presentada a moción onte é lóxico que o informe sexa de hoxe, fai falta un mínimo de tempo para emitilo. As competencias das administracións veñen determinadas pola Lei, e neste asunto correspóndenlle a outra administración; outra cousa é que esta Corporación dende o primeiro momento asuma o seu compromiso de estar enriba do asunto, de axudar á xente e traballar para que as cuestións se resolvan, así xa houbo unha moción anterior que partiu do goberno municipal neste sentido. Non sabe por que o sr. Anido dixo que non se atreve a dicirlle aos veciños que esas actuacións non son de competencia municipal, o informe de Secretaría é claro, e le diversos parágrafos de dito informe; fala do informe de intervención no apartado relativo ás limitacións legais para dispoñer do remanente e repite que o informe de Secretaría é claro respecto da falta de competencia municipal, se ben isto non afecta á implicación deste goberno local en buscar calquera solución e chamar ás portas das administracións que teñen a competencia para que isto sexa para eles unha prioridade.-

O sr. Alcalde ofrece a posibilidade de deixar o asunto sobre a mesa para o estudo dos informes..

O sr. Tenreiro considera que bastaba coa moción aprobada por unanimidade na pasada sesión e que resulta sorprendente propoñer unha obra destas características sen saber que é competencia de Augas de Galicia; que a competencia sexa dunha administración non quere dicir que as demais miren para outro lado, eles falan con Augas de Galicia e lle brindaron toda a colaboración que lles pediron, como facer un levantamento topográfico que se rematou hoxe. Di que ao preguntarlles aos responsables de Augas de Galicia sobre posibles prazos das obras estes dicían que era dunha complexidade tremenda a obra e que non se atrevían a dar prazos. Coa moción do outro día estaba ben encamiñado o tema, e non se pode presentar o día 27 ás dúas da tarde unha moción e despois queixarse do informe do día 28, cando xa se anunciou na prensa dous días antes. Di que atopou un informe do ano 2013 no que o enxeñeiro técnico municipal informa ao sr. Anido sobre unha reunión convocada por Augas de Galicia para informar sobre os datos obtidos para valoración do proxecto de sistemas colectores, onde figura un capítulo para minimizar os riscos de inundacións.-

O sr. Anido, tras rogar ao sr. Alcalde que dispoña dunha vez a retransmisión do vídeo das sesións para que todos os votantes poidan ver os comportamentos e as actitudes de cada un, manifesta que hoxe a prensa reflicte unhas declaracións do portavoz do PP no Parlamento galego sobre a intención da Xunta de non asinar convenio ningún pero si colaborar no financiamento da reparación dos danos causados polas inundacións. Di que o concello non estaba saneado en 2011, pero en 2015 si quedou saneado e sen débedas, polo que ese remanente pode agora utilizarse en obras tan importantes como estas; di que este é un acordo adoptado xa en 2008, do cal da lectura, polo que se estraña de que antes se tratara e agora non. Fala das múltiples reunións que tivo con Augas de Galicia nas que se tratou do tanque de tormentas, tanque regulador, e o redeseño e reparación de pozos de bombeo, e tamén foi sendo alcalde en numerosas ocasións á consellería, onde estará o informe no que se facía unha estimación aproximada dun custo de 1.700.000 euros para estas obras. Non ten inconveniente en deixar o asunto sobre a mesa para ler os informes de Secretaría e Intervención porque non tiveron oportunidade de velos.-

O sr. Alcalde considera que os puntos 1º e 2º da moción son legais, pero xa foron aprobados no pleno ordinario de marzo, de feito xa está realizado un primeiro estudo previo. Di que a Corporación fará todo o que estea na súa man e financiará todo o que se poida, porque se xera remanente debe poder utilizalo en beneficio dos veciños, el sempre defendeu que o concello debe ter maiores competencias e liberdade para investir os fondos públicos. Ten a intención de involucrarse ao máximo tanto desde o concello como

desde entes supramunicipais para darlle solución aos problemas do ciclo da auga, o abastecemento, o saneamento e as redes pluviais non poden ir por separado; colaborárase na medida do posible, facilitarase o traballo de Augas de Galicia atendendo outros servizos de competencia municipal nas mesmas rúas, e sacaranse os cartos de onde se poida, pero é necesario solucionar este problema coa colaboración e o esforzo de todos, tanto desta Corporación como das outras administracións, concellos limítrofes polos que pasan ríos que chegan a Sada; di que o primeiro que hai que ter é coordinación entre os membros da Corporación e daquela aquí traeráse a Pleno esta moción e a modificarán en función das necesidades do pobo e da legalidade pero sobre todo das necesidades do pobo.-

Efectuada votación, acórdase por unanimidade deixar a moción sobre a mesa.-

5º.- Rogos e preguntas.-

O sr. Gómez di que o sr. Anido pronto saberá a que se dedica el e de que vive, e tamén saberá que nos aparcamentos públicos hai cámaras que gravan o que alí se di. Pregunta se o sr. Alcalde fixo algo sobre o expediente de contratación do arquitecto sr. Corredoira que tiña informe desfavorable de Secretaría e di que se non fixo nada lle roga que non o faga agora porque o asunto xa está presentado ao Ministerio Fiscal o cal investiga tamén as obras adxudicadas a dedo polo actual voceiro do PP ao arquitecto que antes traballara para súa promotora inmobiliaria, e algo raro debeu ver porque decidiu presentar denuncia e investigar ao sr. Anido, e exhibe un escrito que di ser relativo a esta investigación, no que o Xulgado de Betanzos pide relación dos procedementos de contratación deste Concello nos que participou o sr. Corredoira. Di que o PP ten ao concelleiro mais imputado da historia de Sada e que lle gustaría saber se o sr. Anido dimitirá cando se lle abra xuízo oral, como sinala o código ético do seu partido.-

O sr. Tellado pregunta cales foron os motivos políticos que motivaron a eliminación do Plan Especial de ordenación de núcleo de Castiñeira con fronte ao camiño dos Agrelas e a redución do núcleo deixando fóra a algúns propietarios e incorporando outros que antes estaban en solo rústico, como Andrés de Meirás, dado que non hai motivos técnicos nin interese xeral para estes cambios. O sr. Alcalde invítalo a acudir aos Servizos de Urbanismo para que lle expliquen alí os motivos.-

A sra. Rodríguez Teijeiro pregunta cando e de que forma, verbal ou escrita, se produxo o ofrecemento do inmovible ao concello por parte dos xestores do grupo Cerámicas o Castro do que fala unha recente noticia. O sr. Alcalde responde que se trata dun ofrecemento coloquial, non dunha oferta concreta, porque saíron a concurso de acredores e queren desfacerse de activos, é unha instalación emblemática que tería un potencial tremendo pero cre que non estamos en disposición de acometer investimentos dese calado e hai outras fórmulas que lle comentaron de poder explotalo.-

O sr. Anido di que no proxecto de Plan Xeral de decembro había tres edificios no Castro como equipamento socio-cultural e o resto ordenanza específica de usos terciarios, pero no Plan aprobado houbo unha modificación e os usos poderían deixar de ser socio-culturais, e pregunta a que obedece esta recalificación. O sr. Alcalde di que non se cambiou nada, só se dixo que se ía declarar BIC tanto o edificio do museo, o mural de Seoane e a fábrica vella de Isaac Díaz Pardo, o resto seguiu en ordenanza de núcleo rural 3 onde é compatible o uso terciario co núcleo rural o que non só solucióna o Castro senón tamén o supermercado do Tarabelo.-

O sr. Gómez di que hai dúas sesións o sr. Rodríguez Ares fíxo unha pregunta sobre un rótulo que se quitou na escultura dos populares de Sada, estiveron buscando a fotografía para ver o que dicía pero non a acharon, polo que pide que se mire se nos arquivos municipais hai algo. Engade que lle van proporcionar información fotográfica onde se ve á persoa que rompeu ese letreiro.-

Non habendo outros asuntos que tratar o sr. Alcalde levanta a sesión ás vinteunha horas e cincuenta minutos do día ao comezo indicado, e dela esténdese esta acta. Do cal eu, o Secretario, dou fe.-